

IES EDUARDO BLANCO AMOR (Culleredo)

Departamento de Física e Química

Criterios de cualificación

Curso 2020-2021

Sumario

1. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 2º da ESO.....	3
A. ENSINO PRESENCIAL.....	3
1.1. Criterios de corrección das probas escritas.....	3
1.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 2º de ESO.....	4
1.3. Avaliación extraordinaria.....	5
2. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 3º da ESO.....	6
A. ENSINO PRESENCIAL.....	6
2.1. Criterios de corrección das probas escritas.....	6
2.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 3º de ESO.....	7
2.3. Avaliación extraordinaria.....	8
3. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 4º da ESO.....	9
A. ENSINO PRESENCIAL.....	9
3.1. Criterios de corrección das probas escritas.....	9
3.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 4º de ESO.....	10
3.3. Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada.....	11
3.4. Avaliación extraordinaria.....	11
4. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional	12
A. ENSINO PRESENCIAL.....	12
4.1. Criterios de corrección das probas escritas.....	12
4.2. Criterios de cualificación da materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.....	13
4.3. Avaliación extraordinaria.....	14
5. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato.....	15
A. ENSINO PRESENCIAL.....	15
5.1. Criterios de corrección das probas escritas.....	15
5.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 1º de Bacharelato.....	16
5.3. Avaliación extraordinaria.....	16
6. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física de 2º de Bacharelato.....	18
A. ENSINO PRESENCIAL.....	18
6.1. Criterios de corrección das probas escritas.....	18
6.2. Criterios de cualificación da materia de Física de 2º de Bacharelato.....	19
6.3. Avaliación extraordinaria.....	19
7. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Química de 2º de Bacharelato.....	21
A. ENSINO PRESENCIAL.....	21
7.1. Criterios de corrección das probas escritas.....	21
7.2. Criterios de cualificación da materia de Química de 2º de Bacharelato.....	22
7.3. Avaliación extraordinaria.....	23

1. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 2º da ESO

A. ENSINO PRESENCIAL

A avaliación da materia de Física e Química de 2º da ESO levarase a cabo tendo como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave coma a consecución dos obxectivos.

En cada unha das tres avaliacións usaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas	A. Proba escrita global. Realizaranse como mínimo dúas probas escritas na que se comprobará o grao de asimilación dos contidos tratados nunha ou máis unidades do trimestre avaliable.
Análise das producións do alumnado e observación sistemática	B.C. Chamadas orais/escritas. Poderán realizarse varias chamadas orais ou escritas ao longo do trimestre avaliable. En calquera momento da clase, os alumnos/as poderán ser requiridos/as polo profesor para facer unha pequena intervención oral/escrita, que levará unha cualificación numérica, sendo a media aritmética de todas elas a cualificación correspondente a este apartado. D. Traballos. En cada trimestre avaliable, poderá realizarse algún traballo de investigación, sobre algún dos contidos expostos na programación, que poderá consistir na elaboración dun informes e/ou na realización dunha presentación en PowerPoint. O profesor atenderá aos seguintes aspectos para valorar o traballo: <ul style="list-style-type: none">• A presentación.• O contido.

1.1. Criterios de corrección das probas escritas

- As probas escritas faranse a bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admitirá outra cor. Un exame contestado a lapis non se corruxirá e, xa que logo, a súa cualificación será cero.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, o desenvolvemento do problema, a orde lóxica e a utilización axeitada da linguaxe científica.
- A solución numérica dun problema non acompañada das unidades ou con unidades incorrectas implicará unha diminución do 10 % da nota.
- Os erros de cálculo na resolución dun problema tamén implicarán unha diminución de 0,25 puntos na cualificación do mesmo. Porén, se o problema constase de varios apartados, os erros de cálculo cometidos no primeiro apartado non se terán en conta nos seguintes apartados.
- Cada alumno ou alumna disporá da súa propia calculadora científica no exame escrito. En caso de non posuír calculadora no momento do exame, non poderá intercambiala cos demais compañeiros ou compañeiras.
- Os erros graves de concepto anularán o apartado correspondente.
- Na resolución dos exercicios deben constar os distintos pasos do desenvolvemento para chegar á solución. Calquera resultado final sen xustificar ou sen desenvolvemento terá una cualificación nula.

- No caso de que un alumno ou alumna copie nun exame, aplicaráselle o disposto no apartado 17 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

1.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 2º de ESO

De cada un dos tres instrumentos de avaliación emitirase unha nota numérica do trimestre, que ponderará do seguinte xeito:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas: (70 %)	A. Probas escritas globais
Análise das producións do alumnado e observación sistemática (30 %)	B. Chamadas orais C. Chamadas escritas D. Traballos

1. A nota da avaliación obterase a partir da media aritmética ponderada dos instrumentos de avaliación reflectidos na táboa anterior. Aplicaráselle o 70 % da nota á media aritmética das probas escritas, e o 30 % restante, á media dos apartados B, C e D.
2. Se nalgún trimestre avaliable non se traballa algún dos instrumentos establecidos (A, B, C ou D), o 100% da cualificación dese período corresponderá aos instrumentos que se teñan empregado.
3. As tarefas nas que se indique unha data límite de entrega terán unha cualificación de “cero” no caso de presentarse fóra de prazo.
4. A avaliación continua levarase a cabo ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación que figurará no boletín de cualificacións en cada trimestre será o resultado da media das cualificacións obtidas nese trimestre e nos anteriores a el.
5. A cualificación da avaliación ordinaria de xuño virá determinada pola media aritmética da nota obtida en cada trimestre avaliable, calculada segundo o exposto o anteriormente e non pola media das notas redondeadas que figuran nos boletíns. Para aprobar a materia, a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.
6. Con obxecto de transformar unha nota media da avaliación na nota enteira, sen decimais, que deberá figurar no boletín de cualificación, toda nota que iguale ou supere as 55 centésimas (0,55) redondearase ao enteiro seguinte. Deste xeito, unha nota de, por exemplo, 5,55 pasará a se converter en 6.
7. Cando o alumno/a non acade a cualificación de 5 nun trimestre avaliable, o profesor poderá establecer a realización dunha proba escrita global de recuperación dos contidos correspondentes a todo ese trimestre avaliable, que sempre será con posterioridade á entrega dos boletíns de cualificación trimestral. En todo caso, a final de curso, o alumnado que non teña acadado unha cualificación media de 5 entre os 3 trimestres avaliables, poderá realizar unha proba escrita da totalidade da materia ou daquela parte ou partes suspensas. A cualificación desta proba realizarase do mesmo xeito que as outras probas escritas globais do curso e ponderará igual que estas.
8. Nos casos en que o alumnado realice una proba escrita global como recuperación dos contidos dun trimestre avaliable, para calcular a cualificación media de final de curso, terase en conta a cualificación máis alta acadada en cada trimestre avaliable.
9. Se a cualificación obtida na avaliación final ordinaria é inferior a 5, o alumno ou alumna deberá someterse a un procedemento de avaliación extraordinario.

10. No caso de que un alumno ou alumna copie nunha proba escrita, por calquera medio, aplicaráselle o disposto no apartado 7 do Regulamento de Réxime Interior, polo que se lle retirará o exame e obterá no mesmo unha cualificación de cero.

11. Se un alumno ou alumna non se presenta ao exame final, considerarase suspenso na materia.

1.3. Avaliación extraordinaria

A proba extraordinaria de setembro versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso, cualificada sobre 10 e redondeo matemático.

Para aprobar a materia será necesario obter unha nota igual ou superior a 5. Aquel alumnado que non se presente ao exame extraordinario de setembro suspenderá a materia.

A proba de setembro será única e estará realizada e consensuada polo profesorado que impartiu a materia no mesmo nivel.

A data do exame quedará fixada pola Dirección do Centro.

2. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 3º da ESO

A. ENSINO PRESENCIAL

A avaliación da materia de Física e Química de 3º da ESO levarase a cabo tendo como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave coma a consecución dos obxectivos.

En cada unha das tres avaliacións usaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas	<p>A. Proba escrita global. Realizarase como mínimo unha proba escrita na que se comprobará o grao de asimilación dos contidos tratados nunha ou máis unidades do trimestre avaliable.</p> <p>B. Pequenas probas escritas. Poderán realizarse varias ao longo do trimestre avaliable, para comprobar o grao de asimilación dos contidos que se van abordando ao longo do trimestre avaliable.</p>
Análise das producións do alumnado e observación sistemática	<p>C. Chamadas orais. Poderán realizarse varias chamadas orais ao longo do trimestre avaliable. En calquera momento da clase, o alumno ou alumna poderá ser requirido polo profesor para facer unha pequena intervención oral, que levará unha cualificación numérica de 0 a 10, sendo a media aritmética de todas elas a cualificación correspondente a este apartado.</p> <p>B. D. Traballos colaborativos. En cada trimestre avaliable, poderá realizarse polo menos un traballo de investigación en grupo, sobre algún dos contidos expostos na programación; que poderá consistir na elaboración dun informe e/o na realización dunha presentación en PowerPoint. O profesor atenderá aos seguintes aspectos para valorar o traballo:</p> <ul style="list-style-type: none">• A presentación.• O contido.

2.1. Criterios de corrección das probas escritas

1. As probas escritas faranse a bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admitirá outra cor. Un exame contestado a lapis non se corruxirá e, xa que logo, a súa cualificación será cero.
2. Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, o desenvolvemento do problema, a orde lóxica e a utilización axeitada da linguaxe científica.
3. A solución numérica dun problema non acompañada das unidades ou con unidades incorrectas implicará unha diminución do 10 % da nota .
4. Os erros de cálculo na resolución dun problema tamén implicarán unha diminución de 0,25 puntos na cualificación do mesmo. Porén, se o problema constase de varios apartados, os erros de cálculo cometidos no primeiro apartado non se terán en conta nos seguintes apartados.
5. Cada alumno ou alumna disporá da súa propia calculadora científica no exame escrito. En caso de non posuír calculadora no momento do exame, non poderá intercambiala cos demais compañeiros ou compañeiras.

6. Os erros graves de concepto anularán o apartado correspondente.
7. Na resolución dos exercicios deben constar os distintos pasos do desenvolvemento para chegar á solución. Calquera resultado final sen xustificar ou sen desenvolvemento terá una cualificación nula.
8. Unha fórmula incorrecta nun exercicio ou problema, ou unha ecuación química sen axustar ou mal axustada implicará unha diminución do 50 % da cualificación do mesmo.
9. No caso de que un alumno ou alumna copie nun exame, aplicaráselle o disposto no apartado 17 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

2.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 3º de ESO

De cada un dos catro instrumentos de avaliación emitirase unha nota numérica do trimestre, que ponderará do seguinte xeito:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	
Probas específicas: (70 %)	A. Probas escritas globais B. Pequenas probas escritas	Media aritmética dos dous apartados.....70 %
Análise das producións do alumnado e observación sistemática (30 %)	C. Chamadas orais D. Traballos colaborativos	Media aritmética dos dous apartados.....30 %

1. A nota da avaliación obterase a partir da media ponderada dos instrumentos de avaliación reflectida na táboa anterior.
2. Se nalgún trimestre avaliable non se traballa algún dos instrumentos establecidos (A, B, C ou D), o 100% da cualificación dese período corresponderá aos instrumentos que se teñan empregado.
3. As tarefas nas que se indique unha data límite de entrega terán unha cualificación de “cero” no caso de presentarse fóra de prazo.
4. A avaliación continua levarase a cabo ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación que figurará no boletín de cualificacións en cada trimestre será o resultado da media das cualificacións obtidas nese trimestre e nos anteriores a el.
5. A cualificación da avaliación ordinaria de xuño virá determinada pola media aritmética da nota obtida en cada trimestre avaliable, calculada segundo o exposto anteriormente e non pola media das notas redondeadas que figuran nos boletíns. Para aprobar a materia, a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.
6. Con obxecto de transformar unha nota media da avaliación na nota enteira, sen decimais, que deberá figurar no boletín de cualificación, toda nota que iguale ou supere as 55 centésimas (0,55) redondearase ao enteiro seguinte. Deste xeito, unha nota de, por exemplo, 5,55 pasará a se converter en 6.
7. Cando o alumno ou alumna non acade a cualificación de 5 nun trimestre avaliable, o profesor poderá establecer a realización dunha proba escrita global de recuperación dos contidos correspondentes a todo ese trimestre avaliable, que sempre será con posterioridade á entrega dos boletíns de cualificación trimestral. En todo caso, a final de curso, o alumnado que non teña acadada unha cualificación media de 5 entre os 3 trimestres avaliables, poderá realizar unha proba escrita da totalidade da materia ou daquela parte ou partes suspensas. A cualificación desta proba realizarase do mesmo xeito que as outras probas escritas globais do curso e ponderará igual que estas.

8. Nos casos en que o alumnado realice una proba escrita global como recuperación dos contidos dun trimestre avaliable, para calcular a cualificación media de final de curso, terase en conta a cualificación máis alta acadada en cada trimestre avaliable.
9. Se a cualificación obtida na avaliación final ordinaria é inferior a 5, o alumno ou alumna deberá someterse a un procedemento de avaliación extraordinario.
10. No caso de que un alumno ou alumna copie nunha proba escrita, por calquera medio, aplicaráselle o disposto no apartado 7 do Regulamento de Réxime Interior, polo que se lle retirará o exame e obterá no mesmo unha cualificación de cero.
11. Se un alumno ou alumna non se presenta ao exame final, considerarase suspenso na materia.

2.3. Avaliación extraordinaria

A proba extraordinaria de setembro versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso, cualificada sobre 10 e redondeo matemático.

Para aprobar será necesario obter unha nota superior ou igual a 5. Aquel alumnado que non se presente ao exame extraordinario de setembro suspenderá a materia.

A proba de setembro será única e estará realizada e consensuada polo profesorado que impartiu clase no mesmo nivel.

A data do exame quedará fixada pola Dirección do centro.

3. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 4º da ESO

A. ENSINO PRESENCIAL

A avaliación da materia de Física e Química de 4º da ESO levarase a cabo tendo como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave coma a consecución dos obxectivos.

En cada unha das tres avaliacións usaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas	<p>1. Probas escritas obxectivas (exames). Realizaranse dúas probas escritas como mínimo en cada avaliación nas que se comprobará o grao de asimilación dos contidos tratados nunha ou máis unidades do trimestre avaliable.</p> <p>A cualificación global das probas escritas da avaliación obterase a partir da media aritmética das probas escritas, sempre e cando a cualificación en cada unha delas sexa igual ou superior a 3. Polo tanto, unha nota significativamente baixa nalgunha das probas supoñerá unha avaliación negativa do alumno ou alumna.</p>
Análise das producións do alumnado e observación sistemática	<p>2. Monografía. Tanto nos traballos individuais sobre un tema determinado coma nos traballos en grupo ou colaborativos, terase en conta a presentación, valorando a orde e a limpeza do mesmo, así como a ortografía e corrección da linguaxe científica. Para a avaliación dos traballos utilizarase unha rúbrica na que conste o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe.</p> <p>3. Resolución de exercicios e problemas. A resolución de exercicios e problemas correspondentes ao libro de texto ou propostos a partir de fichas de reforzo e apoio, serán corrixidas mediante rúbrica e os resultados recollidos na ficha do profesor ou profesora. Valorarase a claridade na exposición, a limpeza, a orde e presentación dos resultados coas súas unidades.</p>

3.1. Criterios de corrección das probas escritas

1. As probas escritas faranse a bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admitirá outra cor. Un exame contestado a lapis non se corruxirá e, xa que logo, a súa cualificación será cero.
2. Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, o desenvolvemento do problema, a orde lóxica e a utilización axeitada da linguaxe científica.
3. A solución numérica dun problema non acompañada das unidades ou con unidades incorrectas implicará unha diminución do 10 % da nota .
4. Os erros de cálculo na resolución dun problema tamén implicarán unha diminución de 0,25 puntos na cualificación do mesmo. Porén, se o problema constase de varios apartados, os erros de cálculo cometidos no primeiro apartado non se terán en conta nos seguintes apartados.

5. Cada alumno ou alumna disporá da súa propia calculadora científica no exame escrito. En caso de non posuír calculadora no momento do exame, non poderá intercambiala cos demais compañeiros ou compañeiras.
6. Os erros graves de concepto anularán o apartado correspondente.
7. Na resolución dos exercicios deben constar os distintos pasos do desenvolvemento para chegar á solución. Calquera resultado final sen xustificar ou sen desenvolvemento terá una cualificación nula.
8. Unha fórmula incorrecta nun exercicio ou problema, ou unha ecuación química sen axustar ou mal axustada implicará unha diminución do 50 % da cualificación do mesmo.
9. No caso de que un alumno ou alumna copie nun exame, aplicaráselle o disposto no apartado 17 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

3.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 4º de ESO

De cada un dos tres instrumentos de avaliación da táboa anterior emitirase unha nota numérica do trimestre que ponderará do seguinte xeito:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	
Probas específicas (70 %)	1. Probas escritas obxectivas.	Media aritmética das probas escritas.....70 %
Análise das producións do alumnado e observación sistemática (30 %)	2. Monografía. 3. Resolución de exercicios e problemas.	Media aritmética dos dous apartados.....30 %

1. A nota da cualificación obtérase mediante a media aritmética ponderada, tendo en conta os pesos ou porcentaxes específicos na táboa de criterios de cualificación. Todos os instrumentos de avaliación serán cualificados de 0 a 10 puntos e a nota mínima para superar a avaliación será de 5 puntos.

2. Con obxecto de transformar unha nota media da avaliación na nota enteira, sen decimais, que deberá figurar no boletín de cualificación, toda nota que iguale ou supere as 55 centésimas (0,55) redondearase ao enteiro seguinte. Deste xeito, unha nota de, por exemplo, 5,55 pasará a se converter en 6.

3. Se nalgún trimestre avaliable non se implementa algún dos instrumentos establecidos (1, 2 ou 3), o 100 % da cualificación dese período corresponderá aos instrumentos que se teñan empregado.

4. As producións do alumnado (monografía, resolución de exercicios e problemas) nas que se indique unha data límite de entrega terán unha cualificación de “cero” no caso de presentarse fóra de prazo.

5. A avaliación continua levarase a cabo ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación que figurará no boletín de cualificacións en cada trimestre será o resultado da media das cualificacións obtidas nese trimestre e nos anteriores a el.

6. A cualificación da avaliación ordinaria de xuño virá determinada pola media aritmética da nota obtida en cada trimestre avaliable, calculada segundo o exposto anteriormente e non pola media das notas redondeadas que figuran nos boletíns. Para aprobar a materia, a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.

3.3. Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada

Cando o alumno ou alumna non acade a cualificación de 5 nun trimestre avaliable, o profesor poderá establecer a realización dunha proba escrita global de recuperación dos contidos correspondentes a todo ese trimestre avaliable, que sempre será con posterioridade á entrega dos boletíns de cualificación trimestral. En todo caso, a final de curso, o alumnado que non teña acadada unha cualificación media de 5 entre os 3 trimestres avaliables, poderá realizar unha proba escrita da totalidade da materia ou daquela parte ou partes suspensas. A cualificación desta proba realizarase do mesmo xeito que as outras probas escritas globais do curso e ponderará igual que estas.

3.4. Avaliación extraordinaria

A proba extraordinaria de setembro versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso, cualificada sobre 10 e redondeo matemático.

Para aprobar será necesario obter unha nota igual ou superior a 5. De acordo co apartado 53 do Regulamento de Réxime Interior, se o alumno ou alumna non se presenta na convocatoria de setembro, a cualificación desta materia de 4º da ESO será a mesma que obtivo en xuño.

A proba de setembro será única e estará realizada e consensuada polo profesorado que impartiu clase no mesmo nivel.

A data do exame quedará fixada pola Dirección do centro.

4. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional

A. ENSINO PRESENCIAL

A avaliación da materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional levarase a cabo tendo como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave coma a consecución dos obxectivos.

En cada unha das tres avaliacións usaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas	<p>A. Proba escrita global. Realizarase como mínimo unha proba escrita na que se comprobará o grao de asimilación dos contidos tratados nunha ou máis unidades do trimestre avaliable.</p> <p>B. Pequenas probas escritas. Poderán realizarse varias ao longo do trimestre avaliable, para comprobar o grao de asimilación dos contidos que se van abordando ao longo do trimestre avaliable.</p>
Análise das producións do alumnado e observación sistemática	<p>C. Chamadas orais. Poderán realizarse varias chamadas orais ao longo do trimestre avaliable. En calquera momento da clase, o alumno ou alumna poderá ser requirido polo profesor para facer unha pequena intervención oral, que levará unha cualificación numérica de 0 a 10, sendo a media aritmética de todas elas a cualificación correspondente a este apartado.</p> <p>B. D. Traballos colaborativos. En cada trimestre avaliable, poderá realizarse polo menos un traballo de investigación en grupo, sobre algún dos contidos expostos na programación; que poderá consistir na elaboración dun informe e/o na realización dunha presentación en PowerPoint. O profesor atenderá aos seguintes aspectos para valorar o traballo:</p> <ul style="list-style-type: none">• A presentación.• O contido.

4.1. Criterios de corrección das probas escritas

1. As probas escritas faranse a bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admitirá outra cor. Un exame contestado a lapis non se corraxirá e, xa que logo, a súa cualificación será cero.
2. Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, o desenvolvemento do problema, a orde lóxica e a utilización axeitada da linguaxe científica.
3. A solución numérica dun problema non acompañada das unidades ou con unidades incorrectas implicará unha diminución do 10 % da nota .
4. Os erros de cálculo na resolución dun problema tamén implicarán unha diminución de 0,25 puntos na cualificación do mesmo. Porén, se o problema constase de varios apartados, os erros de cálculo cometidos no primeiro apartado non se terán en conta nos seguintes apartados.

5. Cada alumno ou alumna disporá da súa propia calculadora científica no exame escrito. En caso de non posuír calculadora no momento do exame, non poderá intercambiala cos demais compañeiros ou compañeiras.
6. Os erros graves de concepto anularán o apartado correspondente.
7. Na resolución dos exercicios deben constar os distintos pasos do desenvolvemento para chegar á solución. Calquera resultado final sen xustificar ou sen desenvolvemento terá una cualificación nula.
8. Unha fórmula incorrecta nun exercicio ou problema, ou unha ecuación química sen axustar ou mal axustada implicará unha diminución do 50 % da cualificación do mesmo.
9. No caso de que un alumno ou alumna copie nun exame, aplicaráselle o disposto no apartado 17 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

4.2. Criterios de cualificación da materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional

De cada un dos catro instrumentos de avaliación da táboa anterior emitirase unha nota numérica do trimestre, que ponderará do seguinte xeito:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	
Probas específicas: (60 %)	A. Probas escritas globais B. Pequenas probas escritas	Media aritmética dos dous apartados.....60 %
Análise das producións do alumnado e observación sistemática (40 %)	C. Chamadas orais D. Traballos colaborativos	Media aritmética dos dous apartados.....40 %

1. A nota da avaliación obterase a partir da media ponderada dos instrumentos de avaliación reflectida na táboa anterior.
2. Se nalgún trimestre avaliable non se traballa algún dos instrumentos establecidos (A, B, C ou D), o 100% da cualificación dese período corresponderá aos instrumentos que se teñan empregado.
3. As tarefas nas que se indique unha data límite de entrega terán unha cualificación de “cero” no caso de presentarse fóra de prazo.
4. A avaliación continua levarase a cabo ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación que figurará no boletín de cualificacións en cada trimestre será o resultado da media das cualificacións obtidas nese trimestre e nos anteriores a el.
5. A cualificación da avaliación ordinaria de xuño virá determinada pola media aritmética da nota obtida en cada trimestre avaliable, calculada segundo o exposto anteriormente e non pola media das notas redondeadas que figuran nos boletíns. Para aprobar a materia, a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.
6. Con obxecto de transformar unha nota media da avaliación na nota enteira, sen decimais, que deberá figurar no boletín de cualificación, toda nota que iguale ou supere as 55 centésimas (0,55) redondearase ao enteiro seguinte. Deste xeito, unha nota de, por exemplo, 5,55 pasará a se converter en 6.
7. A final de curso, o alumnado que non teña acadado unha cualificación media de 5 entre os 3 trimestres avaliables, poderá realizar unha proba escrita da totalidade da materia ou daquela parte ou partes suspensas. A cualificación desta proba realizarase do mesmo xeito que as outras probas escritas globais do curso e ponderará igual que

estas.

8. Nos casos en que o alumnado realice una proba escrita global como recuperación dos contidos dun trimestre avaliable, para calcular a cualificación media de final de curso, terase en conta a cualificación máis alta acadada en cada trimestre avaliable.
9. Se a cualificación obtida na avaliación ordinaria é inferior a 5, o alumno ou alumna deberá someterse a un procedemento de avaliación extraordinario.
10. No caso de que un alumno ou alumna copie nunha proba escrita, por calquera medio, aplicaráselle o disposto no apartado 7 do Regulamento de Réxime Interior, polo que se lle retirará o exame e obterá no mesmo unha cualificación de cero.
11. Se un alumno ou alumna non se presenta ao exame final, considerarase suspenso na materia.

4.3. Avaliación extraordinaria

A proba extraordinaria de setembro versará sobre todos os contidos impartidos ao longo do curso, cualificada sobre 10 e redondeo matemático.

Para aprobar será necesario obter unha nota superior ou igual a 5. Aquel alumnado que non se presente ao exame extraordinario de setembro suspenderá a materia.

A proba de setembro será única e estará realizada e consensuada polo profesorado que impartiu clase no mesmo nivel.

A data do exame quedará fixada pola Dirección do centro.

5. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato

A. ENSINO PRESENCIAL

Para poder levar á práctica a metodoloxía proposta usaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación no traballo de aula:

Táboa: Criterios de cualificación na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas (75%)	<p>A. Exames escritos. Realizaranse 1 ou 2 por trimestre.</p> <p>Nestas probas terase en conta, ademais da correcta realización do exercicio, as axeitadas expresións matemática e escrita.</p> <p>B. Pequenas probas escritas, consistentes na resolución dun exercicio correspondente a unha pequena parte da materia impartida ata ese intre.</p> <p>A media de todas elas terá un peso do 75 % na cualificación da materia, nese período avaliable.</p>
Análise das producións do alumnado (25%)	<p>C. Traballos de investigación individuais ou en grupo, etc.</p> <p>A media aritmética das cualificacións obtidas en todas eles terá un peso do 25 % na cualificación dese período de avaliación. A profesora atenderá aos seguintes aspectos para valorar o traballo:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ presentación▪ contido

5.1. Criterios de corrección das probas escritas

1. As probas escritas faranse a bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admitirá outra cor. Un exame contestado a lapis non se corruxirá e, xa que logo, a súa cualificación será cero.
2. Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, o desenvolvemento do problema, a orde lóxica e a utilización axeitada da linguaxe científica.
3. A solución numérica dun problema non acompañada das unidades ou con unidades incorrectas implicará unha diminución do 10 % da nota .
4. Os erros de cálculo na resolución dun problema tamén implicarán unha diminución de 0,25 puntos na cualificación do mesmo. Porén, se o problema constase de varios apartados, os erros de cálculo cometidos no primeiro apartado non se terán en conta nos seguintes apartados.
5. Cada alumno ou alumna disporá da súa propia calculadora científica no exame escrito. En caso de non posuír calculadora no momento do exame, non poderá intercambiala cos demais compañeiros ou compañeiras.
6. Os erros graves de concepto anularán o apartado correspondente.
7. Na resolución dos exercicios deben constar os distintos pasos do desenvolvemento para chegar á solución. Calquera resultado final sen xustificar ou sen desenvolvemento terá una cualificación nula.
8. Unha fórmula incorrecta nun exercicio ou problema, ou unha ecuación química sen axustar ou mal axustada implicará unha diminución do 50 % da cualificación do mesmo.
9. No caso de que un alumno ou alumna copie nun exame, aplicaráselle o disposto no apartado 7 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

5.2. Criterios de cualificación da materia de Física e Química de 1º de Bacharelato

1. A nota da avaliación obterase a partir da media ponderada dos tres instrumentos de avaliación reflectida na táboa anterior.
2. Se nalgún trimestre avaliable non se traballa algún dos instrumentos establecidos (A, B ou C), o 100% da cualificación dese período corresponderá aos instrumentos que se teñan empregado.
3. As tarefas nas que se indique unha data límite de entrega terán una cualificación de “cero” no caso de presentarse fora de prazo.
4. A avaliación continua levarase a cabo ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación que figurará no boletín de cualificacións en cada trimestre será o resultado da media das cualificacións obtidas nese trimestre e nos anteriores a el.
5. A cualificación da avaliación ordinaria de xuño virá determinada pola media aritmética da nota obtida en cada trimestre avaliable, calculada segundo o exposto anteriormente e non pola media das notas redondeadas que figuran nos boletíns. Para aprobar a materia, a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.
6. Cando o alumno non acade a cualificación de 5 nun trimestre avaliable, a profesora poderá establecer a realización dunha proba escrita global de recuperación dos contidos correspondentes a todo ese trimestre avaliable; que sempre será con posterioridade á entrega dos boletíns de cualificación trimestral. En todo caso, a final de curso, o alumnado que non teña acadado unha cualificación media de 5 ou superior entre os 3 trimestres avaliables, poderá realizar unha proba escrita da totalidade da materia ou daquela parte ou partes suspensas. A cualificación desta proba realizarase do mesmo xeito que as outras probas escritas globais do curso e ponderará igual que estas.
7. Con obxecto de transformar unha nota media da avaliación na nota enteira, sen decimais, que deberá figurar no boletín de cualificación, toda nota que iguale ou supere as 55 centésimas (0,55) redondearase ao enteiro seguinte. Deste xeito, unha nota de, por exemplo, 5,55 pasará a se converter en 6.
8. Nos casos en que o alumnado realice unha proba escrita global como recuperación dos contidos dun trimestre avaliable, para calcular a cualificación media de final de curso, terase en conta a cualificación máis alta acadada en cada trimestre avaliable.
9. Para a obtención da nota media do curso na avaliación ordinaria de xuño, valorarase positivamente que o alumnado non teña realizado probas de recuperación, polo que se lle redondeará a nota á alza.
10. Se a cualificación obtida na avaliación ordinaria é inferior a 5, o alumno deberá someterse a un procedemento de avaliación extraordinario.
11. Se un alumno ou alumna non se presenta ao exame final, considerarase suspenso na materia.

5.3. Avaliación extraordinaria

- **Descrición do tipo de proba**

A proba constará dun número determinado de preguntas relativas a todos os estándares mínimos esixibles da materia. A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos, correspondendo 5

puntos á parte de Física e 5 puntos á parte de Química, e o valor de cada pregunta dependerá da dificultade da mesma e virá indicada na folla do exame.

Non se poderá superar a materia tendo un “cero” (0) na parte de Física ou na parte de Química.

- **Cálculo da cualificación**

A nota da Avaliación Final Extraordinaria coincidirá coa nota da proba da avaliación, e redondeándoa ata obter unha cifra enteira comprendida entre 0 e 10. Será necesario obter unha cualificación de cinco (5) ou maior para superar a materia. Aquel alumnado que non se presente á devandita proba terá a cualificación de “Non presentado” (NP). Neste caso, considérase que o alumnado está suspenso na materia.

6. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Física de 2º de Bacharelato

A. ENSINO PRESENCIAL

Para poder levar á práctica a metodoloxía proposta usaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación no traballo de aula:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas (80%)	<p>A. Exames escritos. Realizaranse 1 ou 2 por trimestre.</p> <p>Nestas probas terase en conta, ademais da correcta realización do exercicio, as axeitadas expresións matemática e escrita.</p> <p>B. Pequenas probas escritas, consistentes na resolución dun exercicio correspondente a unha pequena parte da materia impartida ata ese intre.</p> <p>A media de todas elas terá un peso do 80 % na cualificación da materia, nese período avaliable.</p>
Análise das producións do alumnado (20%)	<p>C. Traballos de investigación individuais ou en grupo, etc.</p> <p>A media aritmética das cualificacións obtidas en todas eles terá un peso do 20 % na cualificación dese período de avaliación. A profesora atenderá aos seguintes aspectos para valorar o traballo:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ presentación▪ contido

6.1. Criterios de corrección das probas escritas

1. As probas escritas faranse a bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admitirá outra cor. Un exame contestado a lapis non se corruxirá e, xa que logo, a súa cualificación será cero.
2. Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, o desenvolvemento do problema, a orde lóxica e a utilización axeitada da linguaxe científica.
3. A solución numérica dun problema non acompañada das unidades ou con unidades incorrectas implicará unha diminución do 10 % da nota .
4. Os erros de cálculo na resolución dun problema tamén implicarán unha diminución de 0,25 puntos na cualificación do mesmo. Porén, se o problema constase de varios apartados, os erros de cálculo cometidos no primeiro apartado non se terán en conta nos seguintes apartados.
5. Cada alumno ou alumna disporá da súa propia calculadora científica no exame escrito. En caso de non posuír calculadora no momento do exame, non poderá intercambiala cos demais compañeiros ou compañeiras.
6. Os erros graves de concepto anularán o apartado correspondente.
7. Na resolución dos exercicios deben constar os distintos pasos do desenvolvemento para chegar á solución. Calquera resultado final sen xustificar ou sen desenvolvemento terá una cualificación nula.
8. Unha fórmula incorrecta nun exercicio ou problema, ou unha ecuación química sen axustar ou mal axustada implicará unha diminución do 50 % da cualificación do mesmo.
9. No caso de que un alumno ou alumna copie nun exame, aplicaráselle o disposto no apartado 7 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

6.2. Criterios de cualificación da materia de Física de 2º de Bacharelato

1. A nota da avaliación obterase a partir da media ponderada dos tres instrumentos de avaliación reflectida na táboa anterior.
2. Se nalgún trimestre avaliable non se traballa algún dos instrumentos establecidos (A, B ou C), o 100% da cualificación dese período corresponderá aos instrumentos que se teñan empregado.
3. As tarefas nas que se indique unha data límite de entrega terán una cualificación de “cero” no caso de presentarse fóra de prazo.
4. A avaliación continua levarase a cabo ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación que figurará no boletín de cualificacións en cada trimestre será o resultado da media das cualificacións obtidas nese trimestre e nos anteriores a el.
5. A cualificación da avaliación ordinaria de xuño virá determinada pola media aritmética da nota obtida en cada trimestre avaliable, calculada segundo o exposto anteriormente e non pola media das notas redondeadas que figuran nos boletíns. Para aprobar a materia, a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.
6. Cando o alumno non acade a cualificación de 5 nun trimestre avaliable, a profesora poderá establecer a realización dunha proba escrita global de recuperación dos contidos correspondentes a todo ese trimestre avaliable; que sempre será con posterioridade á entrega dos boletíns de cualificación trimestral. En todo caso, a final de curso, o alumnado que non teña acadado unha cualificación media de 5 ou superior entre os 3 trimestres avaliables, poderá realizar unha proba escrita da totalidade da materia ou daquela parte ou partes suspensas. A cualificación desta proba realizarase do mesmo xeito que as outras probas escritas globais do curso e ponderará igual que estas.
7. Con obxecto de transformar unha nota media da avaliación na nota enteira, sen decimais, que deberá figurar no boletín de cualificación, toda nota que iguale ou supere as 55 centésimas (0,55) redondearase ao enteiro seguinte. Deste xeito, unha nota de, por exemplo, 5,55 pasará a se converter en 6.
8. Nos casos en que o alumnado realice unha proba escrita global como recuperación dos contidos dun trimestre avaliable, para calcular a cualificación media de final de curso, terase en conta a cualificación máis alta acadada en cada trimestre avaliable.
9. Para a obtención da nota media do curso na avaliación ordinaria de xuño, valorarase positivamente que o alumnado non teña realizado probas de recuperación, polo que se lle redondeará a nota á alza.
10. Se a cualificación obtida na avaliación ordinaria é inferior a 5, o alumno ou alumna deberá someterse a un procedemento de avaliación extraordinario.
11. Se un alumno ou alumna non se presenta ao exame final, considerarase suspenso na materia.

6.3. Avaliación extraordinaria

- **Descrición do tipo de proba**

A proba constará dun número determinado de preguntas relativas a todos os estándares mínimos esixibles da materia. A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos e o valor de cada pregunta dependerá da dificultade da mesma e virá indicada na folla do exame.

- **Cálculo da cualificación**

A nota da Avaliación Final Extraordinaria coincidirá coa nota da proba da avaliación, e redondeándoa ata obter unha cifra enteira comprendida entre 0 e 10. Será necesario obter unha cualificación de cinco (5) ou maior para superar a materia. Aquel alumnado que non se presente á devandita proba terá a cualificación de “Non presentado” (NP). Neste caso, considérase que o alumnado está suspenso na materia.

7. Criterios de avaliación e cualificación na materia de Química de 2º de Bacharelato

A. ENSINO PRESENCIAL

Para poder levar á práctica a metodoloxía proposta usaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación no traballo de aula:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Probas específicas (80%)	<p>A. Exames escritos. Realizaranse 1 ou 2 por avaliación, e a media aritmética das notas obtidas nos exames terá un peso do 80 % na cualificación dese período de avaliación.</p> <p>Nestas probas terase en conta, ademais da correcta realización do exercicio, as axeitadas expresións matemática e escrita.</p>
Análise das producións do alumnado (20%)	<p>B. Traballos de investigación individuais ou en grupo (Monografía). O profesor atenderá aos seguintes aspectos para valorar o traballo:</p> <ul style="list-style-type: none">• presentación• contido <p>C. Resolución de exercicios e problemas. O profesor entregará a través da plataforma dixital Classroom boletíns de exercicios e problemas relacionados coa materia impartida nese período de avaliación, e que o alumnado deberá devolver resolto na mesma plataforma.</p> <p>A media aritmética das cualificacións obtidas nestes dous apartados terá un peso do 20 % na cualificación dese período de avaliación.</p>

7.1. Criterios de corrección das probas escritas

1. As probas escritas faranse a bolígrafo de cor azul ou negra. Non se admitirá outra cor. Un exame contestado a lapis non se corruxirá e, xa que logo, a súa cualificación será cero.
2. Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, o desenvolvemento do problema, a orde lóxica e a utilización axeitada da linguaxe científica.
3. A solución numérica dun problema non acompañada das unidades ou con unidades incorrectas implicará unha diminución do 10 % da nota.
4. Os erros de cálculo na resolución dun problema tamén implicarán unha diminución de 0,25 puntos na cualificación do mesmo. Porén, se o problema constase de varios apartados, os erros de cálculo cometidos no primeiro apartado non se terán en conta nos seguintes apartados.
5. Cada alumno ou alumna disporá da súa propia calculadora científica no exame escrito. En caso de non posuír calculadora no momento do exame, non poderá intercambiala cos demais compañeiros ou compañeiras.
6. Terase en conta que a resposta ás preguntas se axuste ao enunciado da cuestión.
7. Os erros graves de concepto anularán o apartado correspondente.
8. Na resolución dos exercicios deben constar os distintos pasos do desenvolvemento para chegar á solución. Calquera resultado final sen xustificar ou sen desenvolvemento terá una cualificación nula.
9. Unha fórmula incorrecta nun exercicio ou problema, ou unha ecuación química sen axustar ou mal axustada implicará unha diminución do 50 % da cualificación do mesmo.

10. No suposto de que un alumno ou alumna non se presentase a unha ou varias das probas específicas realizadas no trimestre por causa non debidamente xustificada, non terá dereito á realización das mesmas e cualificarase con cero puntos.
11. No caso de que un alumno ou alumna copie nun exame, aplicaráselle o disposto no apartado 17 do Regulamento de Réxime Interior, polo que suspenderá a avaliación da materia.

7.2. Criterios de cualificación da materia de Química de 2º de Bacharelato

1. A nota da avaliación obtérase a partir da media ponderada dos tres instrumentos de avaliación reflectida na táboa anterior.
2. Se nalgún trimestre avaliable non se traballa algún dos instrumentos establecidos (A, B ou C), o 100% da cualificación dese período corresponderá aos instrumentos que se teñan empregado.
3. As tarefas nas que se indique unha data límite de entrega terán una cualificación de “cero” no caso de presentarse fóra de prazo.
4. A avaliación continua levarase a cabo ao longo de todo o curso, de xeito que a cualificación que figurará no boletín de cualificacións en cada trimestre será o resultado da media das cualificacións obtidas nese trimestre e nos anteriores a el.
5. A cualificación da avaliación ordinaria de xuño virá determinada pola media aritmética da nota obtida en cada trimestre avaliable, calculada segundo o exposto anteriormente e non pola media das notas redondeadas que figuran nos boletíns. Para aprobar a materia, a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.
6. Con obxecto de transformar unha nota media da avaliación na nota enteira, sen decimais, que deberá figurar no boletín de cualificación, toda nota que iguale ou supere as 55 centésimas (0,55) redondearase ao enteiro seguinte. Deste xeito, unha nota de, por exemplo, 5,55 pasará a se converter en 6.
7. Se a cualificación obtida nunha avaliación, fose inferior a 5, o alumnado poderá realizar unha proba escrita de recuperación, sobre a totalidade da materia vista no trimestre en cuestión, e sempre despois das datas de avaliación do devandito período.
8. Nos casos en que o alumnado realice unha proba escrita global como recuperación dos contidos dun trimestre avaliable, para calcular a cualificación media de final de curso, terase en conta a cualificación máis alta acadada en cada trimestre avaliable.
9. A final de curso realizarase un exame final no que o alumnado que non teña superada a materia, por non ter acadada unha cualificación media do curso de 5 , poderá examinarse de toda a materia, ou da parte ou partes que non teña superada . A cualificación desta proba realizarase do mesmo xeito que as outras probas escritas do curso e ponderará igual que estas.
10. A nota da proba da avaliación final ordinaria será a media aritmética das diferentes partes do exame, puntuadas de 0 a 10. A nota da Avaliación Final Ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións, caso de telas superadas. En caso de realizar a proba de avaliación final, a nota da Avaliación Final Ordinaria será a nota do exame.
11. Se a cualificación obtida na avaliación ordinaria é inferior a 5, o alumno ou alumna deberá someterse a un procedemento de avaliación extraordinario.
12. Se un alumno ou alumna non se presenta ao exame final, considerarase suspenso na materia.

13. Tamén poderá presentarse ao exame final aquel alumnado que, tendo superada a materia, desexe subir nota, en cuxo caso deberá realizar o exame de toda a materia, podendo decidir se o entrega ou non.

7.3. Avaliación extraordinaria

- **Descrición do tipo de proba**

A proba constará dun número determinado de preguntas relativas a todos os estándares mínimos esixibles da materia. A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos e o valor de cada pregunta dependerá da dificultade da mesma e virá indicada na folla do exame.

- **Cálculo da cualificación**

A nota da Avaliación Final Extraordinaria coincidirá coa nota da proba da avaliación, e redondeándoa ata obter unha cifra enteira comprendida entre 0 e 10. Será necesario obter unha cualificación de cinco (5) ou maior para superar a materia. Aquel alumnado que non se presente á devandita proba terá a cualificación de “Non presentado” (NP). Neste caso, considérase que o alumnado está suspenso na materia.